



PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA **CURSO 2023/24**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. MARCO LEGISLATIVO.....	2
3. OBXECTIVOS.....	3
4. COMPETENCIAS E CONTIDOS.....	5
5. ALUMNADO ATENDIDO.....	8
6. ORGANIZACIÓN DA INTERVENCIÓN DA MESTRA DE PT	10
7. METODOLOXÍA.....	14
8. AVALIACIÓN.....	15



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Illa de Ons.

DEP. ORIENTACIÓN

R/ A Pedra, 51. 36930 Bueu, Pontevedra.
Tfno.: 886 159515 // Fax: 886 324 331.
ies.illa.ons@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

1. INTRODUCCIÓN

A Programación de Pedagogía Terapéutica ten como principal obxectivo dar resposta á diversidade do alumnado con necesidade específica de apoio educativo escolarizado no centro. É o punto de partida para deseñar actuacións que posibiliten responder de forma axustada e individualizada á diversidade do alumnado e polo tanto, recóllese no Proxecto Educativo e inclúese na Programación Xeral Anual (PXA) onde quedan plasmadas as accións a levar a cabo durante este curso 2023/2024.

A atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) enmárcase dentro das actuacións previstas dende o Departamento de Orientación para a Atención á Diversidade no centro, e constitúe unha das funcións prioritarias da mestra de Pedagogía Terapéutica. O concepto **ACNEAE** recollido na *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOE)*, e modificado na *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)* fai referencia ao alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O *Decreto 229/2011 do 7 de decembro*, define a **atención á diversidade** como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa as diferentes características e necesidades de todo o alumnado.

A intervención da mestra de PT organízase en función das características psicolóxicas, cognitivas, físicas, emocionais e afectivas do alumnado, nos seus niveis de desenvolvemento competencial, no contexto sociocultural no que se atopa o centro, así como nos recursos materiais e persoais dos que dispón o instituto.

2. MARCO LEGISLATIVO

Todas as actuacións recollidas nesta Programación de PT teñen como referencia legal o marco legislativo da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente a normativa relacionada coa Atención á Diversidade:



- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade..
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade.
- Circular 9/1999, do 1 de setembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na ESO.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO.
- Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros de alumnos con NEE.
- Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración da escolarización obrigatoria dos alumnos con NEE asociadas a condicións persoais de sobredotación.
- Real Decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración do período de escolarización dos alumnos AC.
- Orde do 20 de febreiro 2004 medidas de atención a la diversidade para o alumnado procedente do estranxeiro.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos parten dunha avaliación previa das necesidades identificadas para cada alumno/a e concréntanse nos seus respectivos plans de intervención. Eses obxectivos teñen carácter flexible e poden ser susceptibles de modificacións e supresións, podendo incluso engadir algún novo en función das competencias desenvolvidas.

De xeito máis xeral, os obxectivos desta programación, de cara a todo o alumnado atendido serían:

- Priorizar a detección temperá de necesidades e a intervención preventiva, participando na avaliación inicial ao fin de coñecer o nivel de competencia curricular do alumnado, estilos de aprendizaxe, motivación, intereses, etc. e valorar as NEAE existentes no centro.



- Adecuar a resposta educativa individualizada ás necesidades de cada alumno e alumna, mediante reforzos, adaptacións do currículo, desdobres, agrupamentos e outras medidas, prestando especial atención ós aspectos da súa personalidade e á adquisición das competencias clave.
- Participar no proceso de revisión, elaboración e desenvolvemento das adaptacións curriculares significativas.
- Favorecer o desenvolvemento dun autoconceito positivo e o incremento da autoestima do alumnado, a partir da valoración de pequenos logros persoais e académicos.
- Acompañar ao alumnado na identificación, o coñecemento e o control das propias emocións.
- Acadar un clima afectivo de traballo que permita incrementar o nivel de motivación, interese e esforzo nas tarefas.
- Reforzar os coñecementos e as destrezas, nas áreas instrumentais, fundamentalmente nas habilidades asociadas á lectura e á escrita polo seu carácter vehicular para o resto de materias.
- Utilizar diferentes técnicas que favorezan a atención e a concentración.
- Lograr o maior grao de integración posible de cada alumno e alumna na súa aula e no centro.
- Colaborar na adaptación do material de uso común, así como na busca e no deseño de material de elaboración propias para as áreas nas que sexa preciso.
- Asesorar e apoiar ao profesorado na atención á diversidade: proporcionando información sobre as posibles medidas e pautas de intervención máis adecuadas
- Colaborar co profesorado no desenvolvemento de proxectos de traballo e na posta en práctica de estruturas de aprendizaxe cooperativa
- Mellorar as relacións interpersoais e a convivencia no instituto, desenvolvendo as habilidades sociais e fomentando actividades de aprendizaxe cooperativa.
- Desenvolver a coordinación cos titores e co profesorado das diferentes materias, favorecendo a coherencia e a efectividade.



- Contribuír a reforzar a función titorial.
- Colaborar coas familias no desenvolvemento dos programas educativos dos seus fillos e fillas.
- Participar nas funcións da Orientación Educativa do Centro.
- Participar na toma de decisións das reunións de claustro, CCP e aquelas de coordinación que sexan precisas.

4. COMPETENCIAS E CONTIDOS

A LOMCE define as competencias como o conxunto de destrezas que se deben adquirir ao finalizar a ensinanza obrigatoria para conseguir un desenvolvemento pleno. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

Atendendo ao currículo da ESO e a Orde ECD65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen ás relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación de EP, ESO e BAC, desde a aula de Pedagogía Terapéutica preténdese que o alumnado acade os obxectivos básicos de etapa e adquiren as competencias clave contribuíndo o seu desenvolvemento:

As competencias, comúns para todo o alumnado do instituto, desenvólvense na aula de PT, da seguinte forma:

- **Competencia en comunicación lingüística:** Esta competencia está referida ao uso das catro destrezas da linguaxe, escoitar, falar, ler e escribir. Contidos:
 - Utilización da lingua oral para comunicar e expresar ideas, pensamentos e desexos.
 - Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico: respectar as quendas de palabra, escoitar con atención e respecto, uso do léxico preciso e variado, estruturación gramatical correcta, entoación e pronunciación clara.
 - Uso correcto da lingua escrita.
 - Textos de tradición literaria: poemas, adiviñas, trabalinguas, greguerías, refráns, contos populares, textos empregados nas aulas (novela, teatro...).
 - Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e a comunicación.
 - Representación de personaxes, feitos e situacións cotiás.



- Participación e disfrute en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** Con esta competencia preténdese desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás. Únense estas dúas competencias para interrelacionar as destrezas que teñen que ver coa iniciativa científica e o desenvolvemento do espírito de investigación co uso dos números como linguaxe en diversos soportes. Contidos:
 - Propiedades dos obxectos e materiais, presentes na realidade.
 - Situación de si mesmo/a e de obxectos no espazo: entre, antes de, despois de. Propiedades dos obxectos: aberto, cerrado, rápido, lento, pesado, lixeiro.
 - Clasificación. Ordenación. Seriacións
 - Cálculo.
 - Pesos e medidas. Cambio de unidades.
 - Ampliación do coñecemento do mundo a través da interacción coas persoas, os obxectos, a exploración do espazo e do tempo...
- **Competencia dixital:** Esta competencia baséase no uso axeitado das tecnoloxías na sociedade da información, como ferramenta de traballo, ocio e comunicación. Contidos:
 - Utilización dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e a Comunicación.
 - Os medios audiovisuais como ferramenta de comunicación e de creación: a prensa, a radio escolar, a fotografía, o cinema...
 - Aplicación do vocabulario específico.
 - Achegamento a producións audiovisuais e valoración dos seus contidos.
- **Competencia de aprender a aprender:** fai referencia á capacidade para proseguir e persistir na aprendizaxe, organizar o propio aprendizaxe, o que conleva realizar un control eficaz da información. Buscamos aprender a construír o coñecemento a partir das súas aprendizaxes e experiencias vitais. Contidos:
 - Habilidade para superar os obstáculos.
 - Obter, procesar e asimilar novos coñecementos e habilidades, así como a búsqueda e utilización dunha guía.
 - Participación e confianza nas propias posibilidades.



- Hábitos de organización, atención, iniciativa, selección e estruturación da información, esforzo, observación.
- Esquemas, resumes, mapas mentais...
- Estimulación cognitiva.
- Procesos psicolóxicos básicos: atención, percepción, memoria e motivación.
- Procesos psicolóxicos superiores: razoamento, linguaxe, abstracción e xeralización das aprendizaxes.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.

➤ **Competencias sociais e cívicas:** Fan referencia ás formas de comportamento que preparan ás persoas para unha vida socialmente eficaz. O alumnado será competentes para escoitar, respectar a quenda de intervención, presentarse, prestar axuda...

Contidos:

- A familia e o instituto como primeiros grupos sociais.
- A rúa. Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade, profesións.
- Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas...
- Hábitos de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación
- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade e compañeirismo.
- Incorporación de pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, resolver conflitos mediante o diálogo.
- Interculturalidade, igualdade, inclusión: interese e disposición favorable, para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas coas persoas sen diferenza de cultura, xénero, capacidade...
- Recoñecemento dos acenos de identidade cultural do entorno e interese por participar nelas: Día da paz, O Entroido, Samaín, Día contra a violencia de xénero, Día do libro...

➤ **Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** Aquí conflúen elementos de desenvolvemento da autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración do entorno social e empresarial.



- **Competencia para a conciencia e expresións culturais:** Engloba coñecementos sobre a cultura propia e allea, o respecto polas diferenzas e a valoración da interculturalidade na nosa sociedade. Contidos:
- Expresión e comunicación de feitos e emocións a través de producións plásticas, utilizando técnicas e materiais diversos.
 - Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
 - Discriminación de sons e os seus contrastes.
 - Participación activa e goce na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
 - Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e comunicación.
 - Representación de personaxes, feitos e situacións.
 - Participación e goce en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

Os criterios para a organización e secuenciación dos contidos son:

- A súa adecuación ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
- A súa adecuación aos coñecementos previos do alumnado
- O equilibrio necesario entre os contidos e as capacidades do alumnado
- A interrelación significativa dos obxectivos, contidos e competencias.
- A continuidade e progresión das aprendizaxes.

5. ALUMNADO ATENDIDO

A intervención da mestra de Pedagogía Terapéutica concrétese como segue:

- 1) **Apoio directo individualizado:** Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, impartido tanto fóra coma dentro da súa aula de referencia, priorizando esta última modalidade. Neste curso, comezan sendo atendidos 13 alumnos e alumnas. Convén sinalar ademais que ao longo do curso, en función das observacións do profesorado e da información recollida nas distintas avaliacións, poden irse incorporando



outros alumnos/as non diagnosticados previamente, polo que esta programación queda aberta a posibles modificacións.

Inicialmente comezamos o curso escolar 2023/24 cunha previsión de 13 alumnos/as que presentan Necesidades Específicas de Apoio Educativo, escolarizados entre 1º e 4º da ESO, que recibirán apoio do profesorado de PT, que precisan dunha resposta axustada e individualizada as súas necesidades e características para poder seguir o proceso de ensino-aprendizaxe:

ALUMNADO ATENDIDO INICIALMENTE POLA MESTRA DE PT		
CURSO	Nº ALUMNOS/AS	MATERIAS
1º ESO	5	Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia.
2º ESO	4	Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Lingua Galega e Literatura.
3º ESO	2	Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Lingua Galega e Literatura, Xeografía e Historia, Física e Química, Educación Plástica e Visual e Bioloxía e Xeoloxía.
4º ESO	2	Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia.

ALUMNADO CON ACS	
CURSO	ALUMNADO
1º ESO	1 ALUMNO
3º ESO	2 ALUMNOS/AS
4º ESO	2 ALUMNOS/AS

2) **Apoio directo grupal:** Apoio dentro da aula, co triplo obxectivo de identificar posibles necesidades educativas, posibilitando a intervención preventiva, atender ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe dentro o seu propio grupo de referencia, e traballar outro tipo de aspectos que inciden directamente na adquisición das competencias básicas (aprender a aprender, relacións sociais, técnicas de estudo, resolución de conflitos, igualdade, educación para o desenvolvemento, fotografía...).

3) **Apoio indirecto:** A través do asesoramento ao profesorado, a asistencia ás reunións do Departamento de Orientación, da Comisión de Convivencia, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Claustro de Profesores, participando ademais nas sesións de avaliación e nas entrevistas coas familias de ser o caso, e facendo especial fincapé na coordinación e colaboración co resto do profesorado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Illa de Ons.

DEP. ORIENTACIÓN

R/ A Pedra, 51. 36930 Bueu, Pontevedra.
Tfno.: 886 159515 // Fax: 886 324 331.
ies.illa.ons@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

6. ORGANIZACIÓN DA INTERVENCIÓN DA MESTRA DE PT

A mestra especialista en pedagogía terapéutica pertence ao Departamento de Orientación, segundo D120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional. As súas funcións aparecen recollidas no Decreto 324/1996 do 26 de xullo polo que se establece o regulamento orgánico dos institutos de Galicia, na Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros de alumnos con NEE, no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade en Galicia e na Orde 8 de setembro de 2021, que o desenvolve. Entre as súas funcións, destacamos:

- Co alumnado: intervir co ACNEAE de forma individual ou en grupo e dentro ou fóra da aula pero preferiblemente no grupo clase.
- Co profesorado titor, de área ou materia: colaborar en elaboración conxunta de ACS, no deseño de materiais específicos, nas adaptacións metodolóxicas e organizativas, e na avaliación e promoción.
- Cos demais profesores/as e claustro: propoñer medidas que unifiquen criterios de actuación para ACNEAE.
- Cos servizos de orientación: facilitar coordinacións entre profesorado e servizos de apoio.
- Coa familia: colaborar co profesorado titor para informar e orientar sobre cuestións relevantes do desenvolvemento do alumnado.

CRITERIOS PARA PRIORIZAR AO ALUMNADO ATENDIDO

A proposta de organización de apoios foi realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación coa participación do profesorado titor, demais profesorado do grupo e profesora especialista en PT, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade-

A intervención realizarase, prioritariamente, co alumnado que presente necesidades educativas especiais (n.e.e.) e necesidade específica de apoio educativo (n.e.a.e). Nestas dúas catalogacións, entrarían, con carácter xeral: casos de discapacidade,



trastornos graves de conduta, TDAH, TEA, Dislexia, síndromes específicos, dificultades de aprendizaxe, atrasos curriculares significativos, etc.

Para o alumnado de nova incorporación a 1º de ESO recoméndase que os titores/as establezan o seguemento oportuno para advertir posibles necesidades específicas que serán trasladadas ao Departamento de Orientación, como demanda de actuación, para ser valoradas e establecer, no seu caso, a intervención adecuada.

A intervención da profesora de PT establecerase conforme aos seguintes **criterios de prioridade:**

1. Alumnado con ACS nas áreas instrumentais.
2. Alumnado con dificultades nas áreas instrumentais de 1º.
3. Alumnado con dificultades nas áreas instrumentais de 2º.
4. Alumnado con dificultades nas áreas instrumentais de 3º.
5. Alumnado con dificultades nas áreas instrumentais de 4º.

Na aula de PT haberá grupos de 4 alumnos/as como máximo e, sempre que sexa posible, o apoio levarase a cabo dentro da aula para favorecer a inclusión e o sentimento de pertenza ao grupo clase

HORARIO

O horario será flexible e poderá adecuarse ás necesidades do alumnado que vaian xurdindo. O proposto para iniciar o curso é o seguinte:

HORARIO PT	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:50-9:40		GARDA		2º B – MAT AULA PT	
9:40-10:30	APOIO 1º B LGAL	APOIO 3º A XH	4º B – MAT AULA PT	1º A – MAT 3º A – LCAST AULA PT	1º A – LCAST 4º B – LGAL AULA PT
10:30-11:20	APOIO 3º A EPVA	ATENCIÓN FAMILIAS	APOIO 2º B LGAL	1º B – LCAST 4º B – LGAL AULA PT	APOIO 3º A LCAST
11:20-11:55					
11:55-12:45		APOIO 1º A LCAST	3º A - LCAST AULA PT		APOIO 1º B LCAST



12:45-13:35	1º B - XH 3º A - XH AULA PT	1º B – MAT 3º A – LGAL AULA PT	APOIO 2º B LCAST	4º B – MAT AULA PT	3º A – BIO/X 4º B – XH AULA PT
13:35-14:25	GARDA	3º A – FQ 4º B – XH AULA PT		3º A – XH 4º B – LCAST AULA PT	

TEMPORALIZACIÓN

CALENDARIO DE ACTUACIÓNS PREVISTAS CURSO 2023-2024
SETEMBRO
<ul style="list-style-type: none"> Asistencia a reunións do equipo docente. Revisión da memoria final da aula de apoio e dos informes do alumnado Elaboración da programación de PT Toma de contacto co alumnado Toma de decisións e planificación do traballo Aplicación de probas para identificar o nivel de competencia curricular nas linguas e matemáticas e probas de velocidade e fluidez lectora
OUTUBRO
<ul style="list-style-type: none"> Avaliación inicial (detección de necesidades, medidas a adoptar...) Elaboración de programas de intervención individualizados Adopción das actuacións xurdidas das reunións de coordinación co departamento, profesorado implicado e titores Revisión das ACS elaboradas e participar na elaboración e desenvolvemento das novas ACS
NOVEMBRO
<ul style="list-style-type: none"> Avaliación continua



DECEMBRO
<ul style="list-style-type: none"> • Toma de decisión na 1º avaliación ordinaria e propostas de mellora. • Preparación dos informes de alumnado con NEAE de 1ª avaliación, de ser o caso.
XANEIRO
<ul style="list-style-type: none"> • Análise dos resultados obtidos na 1º avaliación e adopción de novas medidas • Reflexións sobre os resultados da avaliación: medidas adoptadas a nivel de obxectivos, contidos ou metodolóxicos. • Avaliación continua
FEBREIRO
<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación continua
MARZO
<ul style="list-style-type: none"> • Toma de decisión na 2º avaliación e propostas de mellora. • Elaboración dos informes de alumnado con NEAE de 2ª avaliación, de ser o caso.
ABRIL
<ul style="list-style-type: none"> • Análise dos resultados obtidos na 2º avaliación e adopción de novas medidas • Desenvolvemento da resposta educativa adaptada. • Avaliación continua. • Reflexións sobre os resultados da avaliación: medidas adoptadas a nivel de obxectivos, contidos ou metodolóxicos. • Seguimento dos alumnos suxeitos de medidas de reforzo e adaptación significativas do currículo.
MAIO
<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación continua.
XUÑO
<ul style="list-style-type: none"> • Toma de decisión na avaliación final ordinaria e propostas de mellora. • Reflexións sobre os resultados da avaliación: medidas adoptadas a nivel de obxectivos, contidos ou metodolóxicos. • Elaboración dos informes finais de alumnado con NEAE • Elaboración da memoria final.
TODO O CURSO
<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento da resposta educativa adaptada, seguimento e modificacións. • Elaboración, selección e organización de materiais • Atender ás demandas do alumnado e velar polo seu benestar socio emocional • Favorecer a inclusión do alumnado no grupo clase e na vida do centro • Seguimento e recollida sistemática de información do alumnado a través da observación directa • Asesorar e apoiar ao profesorado na atención á diversidade • Establecer canles de comunicación fluídos, coordinación e colaboración cos titores e profesorado de área implicado na atención do alumnado con NEAE



- Informar e asesorar o profesorado sobre a aplicación dos protocolos activados no centro para a atención do alumnado con NEAE.
- Participación nas sesións da avaliación, reunións DO, CCP, etc.
- Informar ás familias sobre as medidas de atención a diversidade a aplicar co seu fillo/a.

RECURSOS

Recursos persoais: Para atender de forma axeitada ao alumnado, é imprescindible a coordinación e a colaboración entre todos os profesionais que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe: orientadora, especialista de PT, AL, titor/a, profesorado das distintas áreas, os/as propios/as compañeiros/as e a familia

Recursos materiais: Ademais dos materiais que normalmente atopamos nas aulas, destacaremos materiais propios das áreas a traballar, material e recursos de elaboración propia, materiais de editoriais, materiais informáticos,... Valorarase o uso de materiais en soporte dixital e de Internet, en función das disponibilidades de aulas e equipamiento.

7. METODOLOXÍA

Os principios pedagóxicos que se terán en conta son, entre outros, organizar os contidos seguindo un enfoque interdisciplinar e propiciar os intercambios comunicativos, destacando a importancia de crear un clima cálido e de afecto como fío condutor do proceso de ensino aprendizaxe.

Empregaranse metodoloxías activas, inclusivas e innovadoras, onde a acción educativa buscará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes e o goce pola lectura será un factor fundamental no desenvolvemento das competencias clave.

Asemade o proceso de ensino aprendizaxe fundamentarase nos seguintes principios psicopedagóxicos:

- O alumnado será protagonista do seu aprendizaxe respectando sempre o seu ritmo. Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumnado, tendo en conta os



seus coñecementos previos para a construción de aprendizaxes significativas, seguindo a aportación de Ausubel, de cara a facilitar o establecemento de relacións significativas entre os coñecementos previos e os novos contidos.

- Construción de aprendizaxes funcionais, aplicando coñecementos e habilidades da vida diaria mediante aprendizaxes significativos o que supón tamén o desenvolvemento de estratexias de planificación e regulación da propia aprendizaxe: aprender a aprender.
- Aprendizaxe cooperativa, de maneira que se impulse a relación entre iguais e se poña de manifesto o papel mediador do profesorado, de acordo coas aportacións de Bruner e Vigotsky.
- Importancia do ensino gradual a través de encadeamento cara atrás e aprendizaxe sen erros.
- Presentaranse actividades en crecente complexidade, variadas e curtas para garantir a atención, motivación e interese do alumnado e evitar a fatiga.
- Debido as dificultades do alumnado para autoevaluarse e autorregularse, ofrecerase feedback sobre a súa execución mediante o reforzo positivo tendo en conta especialmente o significativo número de alumnado desmotivado e absentista.

8. AVALIACIÓN

A avaliación enténdese como un proceso que se desenvolve ao longo do espazo e do tempo e ten tres momentos importantes: inicial, continua e final.

Ao comezo do curso, farase unha **avaliación inicial** para valorar o nivel de competencia curricular do alumnado, servirá como punto de partida para fundamentar a programación individual do alumnado.

A **avaliación continua** levarase a cabo tendo en conta os obxectivos propostos e cobra gran relevancia de cara a adecuar a intervención pois fai posible a modificación da resposta educativa a partir do coñecemento das dificultades e logros do alumnado. Estará baseada na



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Illa de Ons.

DEP. ORIENTACIÓN

R/ A Pedra, 51. 36930 Bueu, Pontevedra.
Tfno.: 886 159515 // Fax: 886 324 331.
ies.illa.ons@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

observación directa, nas probas específicas e nas actividades realizadas na aula por cada alumno/a. Trimestralmente, nas sesións de avaliación informarase dos avances e posibles retrocesos do alumnado e, se é preciso, faranse os axustes necesarios para palialos.

Ao remate do curso farase unha **avaliación final** para constatar en qué grao se acadaron os obxectivos propostos, establecer o nivel de desenvolvemento acadado polo alumnado e orientar futuros procesos de ensino aprendizaxe. Os resultados acadados por cada alumno/a serán recollidos nun informe trimestral e nun informe final, de carácter confidencial. As propostas de mellora e a avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos propostos ao longo do curso, quedarán reflexos na Memoria Final do Curso.

A avaliación e promoción do alumnado recóllese na Orde 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO na CAG, tomando como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxes recollidos no Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da ESO e do BAC na CAG. No caso da avaliación e promoción do ACNEAE complementase a su vez pola Orde do 27 de decembro de 2002, Decreto 229/2011 para NEE e Orde do 8 de setembro do 21 e RD943/2003 para ACI.

Polo tanto, a cualificación ao finalizar cada avaliación terá como referente os criterios de avaliación así como os estándares de aprendizaxe das correspondentes ACS e será tomada conxuntamente entre o profesorado de PT e o profesorado de área ou materia.

O **instrumento de avaliación** fundamental para levar a cabo a avaliación do alumnado é a observación directa, a recollida sistemática de información e as actividades realizadas na aula de PT, que serán tidas en conta na avaliación continua.

Na avaliación da práctica docente analizarase a adecuación da programación de aula, a adecuación dos programas específicos ás NEE, á metodoloxía e recursos empregados, o grao de coordinación co profesorado implicado e a concreción das medidas de atención á diversidade adoptadas.

Os instrumentos de avaliación para levar a cabo a avaliación da nosa propia práctica docente e a elaboración de rexistros de observación directa e rúbricas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES Illa de Ons.

DEP. ORIENTACIÓN

R/ A Pedra, 51. 36930 Bueu, Pontevedra.
Tfno.: 886 159515 // Fax: 886 324 331.
ies.illa.ons@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Asdo: Rosana Rúa Pena

Bueu, 18 Setembro 2023